

**Convocatoria ordinaria 2026
TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-
PLÁSTICA**

O exame consta de **4 preguntas obligatorias**: a primeira, de resposta única, con valor de 7 puntos, e as demais, con posibilidade de elección entre apartados, e valor de 1 punto cada unha.

PREGUNTA 1. TÉCNICAS DE DEBUXO. (7 puntos)

Realice un debuxo sobre a intelixencia artificial, utilizando cores frías. Explique o proceso de traballo, xustifique a combinación das cores e as técnicas utilizadas.

PREGUNTA 2. TÉCNICAS DE DEBUXO / TÉCNICAS DE PINTURA / TÉCNICAS DE GRAVADO E ESTAMPAXE / TÉCNICAS MIXTAS E ALTERNATIVAS / PROXECTOS GRÁFICO-PLÁSTICOS. (1 punto)

Responda un destes dous apartados:

2.1. Se tivese que realizar unha proposta dun cartel publicitario para unha institución pública que desexa concienciar os cidadáns sobre os problemas da contaminación acústica, que elementos e que técnicas de expresión gráfico-plástica considera máis apropiados para conseguir a maior efectividade posible? Xustifique e razoe a resposta. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

2.2. Se tivese que deseñar un cartel publicitario, en dúas horas, porque acaba de coñecer que remata o prazo para presentarse a un concurso para promocionar unha festa popular, que técnica ou técnicas utilizaría para convencer o xurado coa a súa proposta? Xustifique e razoe a resposta. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

PREGUNTA 3. ASPECTOS XERAIS: CORES. (1 punto)

Responda un destes dous apartados:

3.1. Describa e xustifique algúns supostos ou circunstancias que non recomentan a combinatoria das cores cálidas entre si, para favorecer as posibilidades expresivas e comunicativas da narración visual. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

3.2. Describa e xustifique algúns supostos ou circunstancias que non recomentan a combinatoria das cores frías entre si, para favorecer as posibilidades expresivas e comunicativas da narración visual. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

PREGUNTA 4. ASPECTOS XERAIS / TÉCNICAS DE PINTURA / PROXECTOS GRÁFICO-PLÁSTICOS. (1 punto)

Responda un destes dous apartados:

4.1. Describa dúas técnicas de pintura e explique para que circunstancias son máis idóneas. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

4.2. Describa o proceso de elaboración dunha obra gráfico-plástica. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**